



**Concello de Vigo**

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
Sesión do 15 de NOVEMBRO de 2019**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Carmen Silva Rego  
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira  
D<sup>a</sup> Elena Espinosa Mangana  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> José Caride Estévez  
D. Carlos López Font  
D. Abel Losada Álvarez  
D. Jaime Aneiros Pereira  
D<sup>a</sup> Yolanda Aguiar Castro  
D<sup>a</sup> Patricia Rodríguez Calviño

Na Casa do Concello de Vigo, ás doce horas e vinte minutos do día quince de novembro de dous mil dezanove e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Aguiar Castro, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(1012).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.**

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

**2(1013).- PROPOSTA DE DENEGACIÓN DA SUSPENSIÓN DA EXECUTIVIDAD DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL APROBATORIO DO “PROXECTO DE SOTERRAMENTO DO TRÁFICO RODADO DA PORTA DO SOL E HUMANIZACIÓN E TRANSFORMACIÓN PEONIL DA ACTUAL REDE VIARIA”, SOLICITADA POLA ASOCIACIÓN POLA DEFENSA DO VIGO HISTÓRICO E OUTROS. EXPTE. 393/441.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 15/11/19, asinado polo xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais e polo concelleiro-delegado de Fomento e Servizos, que di o seguinte:

**ANTECEDENTES DE FEITO**

**1º.** En data 3 de maio de 2019, a Xunta de Goberno Local acordou aprobar o proxecto de «Soterramento do tráfico rodado da Porta do Sol e humanización e transformación peonil da actual rede viaria», redactado polo equipo técnico multidisciplinar de UTE GOC, S.A. - CAPITEL ARQUITECTURA INGENIERÍA E INNOVACIÓN, S.L. e asinado polo Arquitecto don Pedro de la Puente Crespo e polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos don José Ramón Fernández Ceballos. O expediente de contratación para a execución deste proxecto foi aprobado pola Xunta de Goberno Local o 24 de maio de 2019, que, con data 26 de setembro de 2019, adxudicou o contrato á UTE CIVIS GLOBAL, S.L. - GEVORA CONSTRUCCIONES, S.A..

**2º.** Con data 16 de outubro de 2019 don José Manuel Vázquez Lojo, na representación arriba indicada, interpuxo recurso especial en materia de contratación contra o acordo da Xunta de Goberno Local de 26 de setembro de 2019 de adxudicación do contrato para a execución do dito proxecto e, coa mesma data, formulou ante esta Administración municipal a referida solicitude de iniciación de expediente de revisión de oficio para a declaración de nulidade de pleno dereito, e subsidiariamente de anulación, por lesivo aos intereses locais, do acordo da Xunta de Goberno Local, de 3 de maio de 2019, aprobatorio do proxecto de obras.

**3º.** O Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, en resolución núm. 242/2019, de 25 de outubro de 2019, inadmitiu o citado recurso especial por falta de lexitimación para impugnar a adxudicación do contrato por esta vía dos que non participaron na licitación e por referirse a impugnación ao que serían actos preparatorios ou iniciais da contratación que tampouco poden ser impugnados por esta vía do recurso especial en materia de contratación.

**4º.** Con data 25 de outubro de 2019, os solicitantes, tendo advertido un erro aritmético nun dos documentos achegados coa súa solicitude, concretamente no informe de levantamento topográfico de georeferenciación do local sito na rúa Elduayen 36, de fecha 14 de outubro de 2019, procederon a subsanar o erro mediante a achega da nova documentación.

**5º.** A solicitude de iniciación de expediente de revisión de oficio para a declaración de nulidade de pleno dereito, e subsidiariamente de anulación, por lesivo aos intereses locais, do acordo da xunta de goberno local de 3 de maio de 2019, aprobatorio do proxecto de obras fúndase nas consideracións que, en apertada síntese, seguen:



## Concello de Vigo

— Contradición da actuación proxectada cos principios da política europea e estatal sobre os desenvolvementos urbanos sustentables que pretenden unha maior peonalización das cidades, o fomento do transporte urbano sustentable e a redución do uso e acceso de vehículos á cidade: a obra proxectada non suprime o tráfico no centro da cidade, senón que o incrementa.

— Afección da obra a zona histórica de Vigo, a edificios catalogados e a unha zona de clara riqueza arqueolóxica.

— Nulidade de pleno dereito do acto aprobatorio do proxecto, ao abeiro do artigo 47.1. c) LPACAP, por tratarse dun acto de contido imposible, pois os planos obrantes no expediente no reflicten a realidade construtiva das edificacións lindantes, algunhas das cales resultan afectadas en subsolo polo túnel proxectado, o que determina a imposibilidade de acometer a execución do túnel co trazado previsto no proxecto; imposibilidade que é —din— material e orixinaria.

— Nulidade de pleno dereito do acto aprobatorio do proxecto, ao abeiro do artigo 47.1. a) LPACAP, de acordo co cal son nulos de pleno dereito os actos que lesionen dereitos e liberdades susceptibles de amparo constitucional: a afección de edificacións privadas determina un grave e inminente risco de derrumbe dos edificios afectados; existe, pois, unha potencial lesión do dereito a integridade física e á inviolabilidade do domicilio, que son dereitos susceptibles de amparo constitucional

— Nulidade de pleno dereito do acto aprobatorio do proxecto, ao abeiro do artigo 47.1. e) e f) LPACAP, por terse ditado o acto prescindindo total e absolutamente do procedemento legalmente establecido e por ser o acto contrario ao ordenamento xurídico e carecer a Administración municipal dos requisitos esenciais para adquirir as facultades e dereitos que derivan do acto impugnado. Neste apartado, os solicitantes aducen: (i) inexistencia dun previo expediente de expropiación forzosa ou de recuperación de oficio das superficies en subsolo dos edificios da rúa, afectadas polo túnel; (ii) inexistencia de informe ou memoria de sustentabilidade ou viabilidade económica ex artigo 22.4 TRLSRU, aprobado por RDL 7/2015, de 30 de outubro; (iii) inexistencia de planeamento urbanístico que ampare a obra proxectada; (iv) inexistencia de autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia ao estar incluído o ámbito da actuación no Casco Vello de Vigo; (v) inexistencia de informe previo sobre a afectación ao Camiño de Santiago (Camiño Portugués da Costa) y de traza alternativa a este durante a execución das obras; (vi) inexistencia de autorización previa da dirección xeral de Conservación da Natureza en relación ao olivo situado no Paseo de Alfonso, declarado «árbore senlleira»; (vii) inexistencia de informe previo de impacto ambiental do proxecto aprobado; (viii) inexistencia de autorización da Xefatura Territorial de Pontevedra da Consellería de Industria autorizando a modificación das instalacións de distribución de enerxía eléctrica afectadas pola execución do proxecto.

**6º.** Por “Tamén Digo”, os solicitantes interesan como medida provisional a suspensión da executividade do acto impugnado.

A petición de suspensión fundaméntase, dunha parte, no risco de perda da finalidade lexítima da solicitude de declaración de nulidade, por canto a non suspensión do acto

implicaría a continuación do procedemento e a execución da obra, coa conseguinte causación de prexuízos de difícil ou imposible reparación. Como de imposible ou difícil reparación adúcese danos en propiedades privadas situadas nas inmediacións da obra; danos no BIC Casco Vello; danos no Camiño de Santiago ao seu paso pola rúas de Elduayen e Paseo de Alfonso; danos no Olivo de Vigo, árbore senlleira da cidade; e, en fin, danos mediambientais, como consecuencia da omisión do preceptivo informe de impacto ambiental das obras e da omisión dos restantes informes sectoriais.

Doutra, na aparencia de bo dereito da pretensión dos solicitantes que se desprende dos argumentos que se aducen no escrito de solicitude de declaración de nulidade.

E, por último, na valoración que a solicitante fai dos intereses en conflito para decidir sobre a suspensión interesada, da que — afirma— ningún prexuízo resulta para o interese público da suspensión da executividade do acto en tanto non se resolva definitivamente sobre a nulidade solicitada, mentres que a execución do mesmo si levaría consigo os prexuízos arriba alegados, amén da responsabilidade patrimonial municipal a favor da contratista da obra pola anulación do proxecto que impedirá o cumprimento do contrato por parte do Concello de Vigo.

7º. Con data 14 de novembro de 2019 o enxeñeiro municipal de camiños, canais e portos, xefe dos servizo de Vías e obras e Infraestruturas emitiu informe en relación coa petición de declaración de nulidade e subsidiaria de anulabilidade, no que se ratifica nas consideracións técnicas feitas no informe do Servizo da Área de Fomento, do pasado 22 de outubro, emitido con ocasión do recurso especial en materia de contratación interposto polos aquí solicitantes contra o acordo de adxudicación do contrato para a execución da obra, precisando que a documentación rectificativa achegada non modifica as afirmacións que no dito informe se realizan.

### **CONSIDERACIÓNS DE DEREITO**

**Primeira.-** O artigo 106 LPACAP, sobre revisión de disposicións e actos nulos, dispón que : «1. Las Administraciones Públicas, en cualquier momento, por iniciativa propia o a solicitud de interesado, y previo dictamen favorable del Consejo de Estado u órgano consultivo equivalente de la Comunidad Autónoma, si lo hubiere, declararán de oficio la nulidad de los actos administrativos que hayan puesto fin a la vía administrativa o que no hayan sido recurridos en plazo, en los supuestos previstos en el artículo 47.1»..

E o artigo seguinte do mesmo texto establece que: «1. Las Administraciones Públicas podrán impugnar ante el orden jurisdiccional contencioso-administrativo los actos favorables para los interesados que sean anulables conforme a lo dispuesto en el artículo 48, previa su declaración de lesividad para el interés público».

«Iniciado el procedimiento de revisión de oficio al que se refieren los artículos 106 y 107 — prosegue o artigo 108 LPACAP— el órgano competente para declarar la nulidad o lesividad, podrá suspender la ejecución del acto, cuando ésta pudiera causar perjuicios de imposible o difícil reparación».

Máis concretamente, canto a suspensión da execución do acto a solicitude do que impugna o mesmo, o artigo 117, a propósito da suspensión da execución dos actos obxecto de



## Concello de Vigo

recurso administrativo, dispón que: «1. La interposición de cualquier recurso, excepto en los casos en que una disposición establezca lo contrario, no suspenderá la ejecución del acto impugnado.

2. No obstante lo dispuesto en el apartado anterior, el órgano a quien compete resolver el recurso, previa ponderación, suficientemente razonada, entre el perjuicio que causaría al interés público o a terceros la suspensión y el ocasionado al recurrente como consecuencia de la eficacia inmediata del acto recurrido, podrá suspender, de oficio o a solicitud del recurrente, la ejecución del acto impugnado cuando concurren alguna de las siguientes circunstancias:

a) Que la ejecución pudiera causar perjuicios de imposible o difícil reparación.

b) Que la impugnación se fundamente en alguna de las causas de nulidad de pleno derecho previstas en el artículo 47.1 de esta Ley.

3. La ejecución del acto impugnado se entenderá suspendida si transcurrido un mes desde que la solicitud de suspensión haya tenido entrada en el registro electrónico de la Administración u Organismo competente para decidir sobre la misma, el órgano a quien compete resolver el recurso no ha dictado y notificado resolución expresa al respecto».

**Segunda.-** Dos preceptos que vimos de transcribir resulta que a suspensión do acto impugnado é unha medida excepcional que so pode adoptarse cando a execución do mesmo puidera causar prexuízos de difícil ou imposible reparación ou cando exista unha aparencia de bo dereito na alegación de concorrencia de causa de nulidade de pleno dereito no acto impugnado.

O pronunciamento sobre a suspensión do acto aprobatorio do proxecto de obras que nos ocupa, que é a cuestión á que se cingue o presente informe, esixe, daquela, e en primeiro termo, a valoración circunstanciada de todos os intereses en conflito a fin de determinar se a execución do acto, cuxa nulidade se interesa, puidera facer perder a súa finalidade lexítima á petición de nulidade, ao provocar prexuízos de imposible ou difícil reparación; e, en segundo lugar, a ponderación da posibilidade de concorrencia de causa de nulidade de pleno dereito no acto impugnado, isto é, a aparencia de concorrencia de causa de nulidade de pleno dereito no dito acto.

**Terceira.-** Porén, ningunha destas operacións de ponderación que vimos de apuntar permiten concluír a procedencia de acordar a suspensión do acordo de 3 de maio de 2019, da Xunta de Goberno Local, aprobatorio do proxecto de «Soterramento do tráfico rodado da Porta do Sol e humanización e transformación peonil da actual rede viaria». Antes ao contrario, e sen prexuízo das consideracións que se fagan con ocasión da proposta de resolución do presente expediente, cómpre, aquí, aos meros efectos de pronunciarse sobre a suspensión solicitada da executividade do acto, adiantar a inconsistencia das razóns aducidas para tal suspensión.

En primeiro lugar, porque non existe o perigo, que as solicitantes da declaración de nulidade invocan, para as edificacións e vivendas colindantes co túnel a construír.

Tal e como sinala o enxeñeiro municipal de camiños, canais e portos, no informe da Área de Fomento, de data 22 de outubro de 2019, emitido con ocasión do recurso especial en materia de contratación, a que se fixo referencia na parte expositiva do presente informe e que se incorpora, tamén, a este expediente:

«Para realizar a escavación do túnel proxectado, existen numerosas técnicas construtivas. Este proxecto selecciona a que ofrece un maior nivel de seguridade, a pantalla de micropilotes. Esta realízase con pequenas perforacións no terreo sen realizar ningunha escavación. As pezas metálicas que compoñen os micropilotes ancoranse a unha gran profundidade. Deste xeito o terreo situado xunto ás vivendas atópase confinado e protexido pola pantalla. Unha vez executada, pódese realizar a escavación do túnel con total seguridade para os edificios lindeiros.

O proxecto aprobado en X. G. L. contén como Anexo 12 á Memoria un documento técnico denominado “Auscultación e protección de edificacións”. No citado documento deséñase o sistema de auscultación e control do proxecto, referido aos edificios e construcións situadas na contorna de afección das obras de soterramento do tráfico rodado da Porta do Sol. Leste comprende as diferentes fases do proxecto, desde antes de iniciar a fase construtiva ata a fase de explotación, unha vez finalizadas as obras. Responde á necesidade de coñecer e controlar o comportamento da obra e a súa afección á contorna, de gran relevancia ao tratarse dunha contorna urbana. O Contratista, a partir deste documento, desenvolve o correspondente Plan específico de Instrumentación e Auscultación, adaptado ás condicións construtivas da obra e cuxo alcance e contido deberán ser aprobados pola Dirección Facultativa. Todas as obras que conteñen escavacións en contornas urbanas, xa sexa túneles aparcamentos subterráneos ou similares, realizan o mesmo programa de seguimento das edificios lindeiros.

Tal como recóllese no documento de Proxecto aprobado en X. G. L., os sistemas de auscultación de edificacións realízanse nas seguintes fases:

1. Antes de comezar a obra: realízase unha inspección previa de todos os edificios afectados, de modo que se identifique o seu estado de conservación, característica estruturais e construtivas, as lesións existentes e todo aquilo que poida ter relevancia técnica no inmovible.

2. Unha vez definido o estado inicial das edificacións realízase un programa de instrumentación dos edificios para poder realizar controis de seguimento:

- Control de aentos
- Control topográfico XYZ
- Control de movementos horizontais
- Control de xiros e desplomes
- Auscultación de tensións, esforzos e empuxes
- Auscultación da presión de auga

3. Prográmanse unhas frecuencias de lectura, para realizar un seguimento continuo da obra



## Concello de Vigo

4. O resultado destas lecturas é analizado por técnico e expertos para determinar as condicións dos edificios, redactando informes de seguimento que son entregados á Dirección Facultativa das obras.

Conclúese por tanto que todo este sistema de control achega a seguridade necesaria para a protección dos edificios existentes antes da obra, durante a súa execución e posteriormente á súa finalización, durante a fase de explotación».

Canto aos danos ao Casco Vello que as solicitantes alegan, compre contestar que a execución do túnel, lonxe de provocar un dano irreparable ao Casco Vello o que ven é a executar as súas previsións. Así se reflicte no referido informe de 22 de outubro, a propósito da xustificación da obra, do que cabe transcribir aquí o que segue:

«Tal e como se indica na memoria descritiva do proxecto aprobado pola Xunta de Goberno Local, con esta actuación pretendese liberar a superficie de Porta do Sol, desviar o tráfico rodado polo túnel e priorizar o uso e desfrute dos peóns, concentrando unha área de espaxamento e contacto entre os veciños, libre de barreiras arquitectónicas que dificulta o mobiliario urbano.

Os obxectivos a acadar son os seguintes:

Soterramento do tráfico rodado na contorna da Porta do Sol, entre Policarpo Sanz, no encontro coa rúa Príncipe e a rúa Elduayen, mediante a execución dun túnel urbano nun centro moi consolidado, con edificacións antigas e cimentacións superficiais.

Reordenación e regulación do espazo viario de superficie para potenciar a mobilidade peonil, conservando un carácter totalmente peonil entre as bocas, de forma que se integre todo o corredor dentro da área peonil do centro histórico, con circulación restrinxida, e constituíndo unha área de preferencia peonil. Completarase a pavimentación de todo o ámbito de actuación, dignificándoo con equipamento e mobiliario urbano.

(...)

El asentamiento del Casco Vello, a media ladera sobre el monte del Castro, pero también en contacto con la zona portuaria, hacen que la Puerta del Sol se emplace como epicentro de la ciudad de Vigo y área de reunión que vertebrada el desarrollo urbano de la ciudad. Dada su orografía y configuración, la mejora de la accesibilidad y de la movilidad, mediante la implantación de itinerarios peatonales es imprescindible para la integración del Casco Vello en el núcleo urbano de la ciudad».

E así resulta tamén do informe, de 22 de outubro de 2019, do xefe do servizo de Urbanización e Infraestruturas da Xerencia Municipal de Urbanismo, que di:

«Como contestación a la Diligencia remitida a esta Oficina de Urbanización e Infraestructuras cabe informar lo que sigue, a propósito del Proyecto de referencia en relación al contenido, determinaciones y objetivos del PEPRI del Casco Vello.

La Memoria Justificativa de dicho PEPRI cita en el Apartado 2.4 “Objetivos específicos a perseguir”, en el epígrafe c), lo siguiente “... Entendemos que el PEPRI debe recomponer el carácter de unidad que tuvo el Casco Vello hasta la apertura de Elduayen y posterior conversión de esta vía en eje importante de los flujos circulatorios de Vigo (Este-Oeste). Entendemos que el PEPRI tiene que eliminar barreras físicas...”.

En el Anejo V Estudio de Tráfico de la Memoria citada, se establece que “En este mismo estudio se valoraba el índice de saturación del viario, estableciéndose en el corredor de Puerta del Sol, Elduayen y Pi y Margall en el 100%”.

Por lo que respecta al Plano de Ordenación n.º 8 Actuaciones en Espacios Públicos del PEPRI localización A – 7 ( Actuación A – 07 ), se fija como Objeto de la Actuación “Caracterización del espacio público favoreciendo el tránsito peatonal”.

Con respecto a las Características de la Actuación no se indica, ni en el referido plano de Ordenación ni en el resto de la documentación integrante del PEPRI, la imposibilidad del soterramiento del tráfico rodado.

Gráficamente en el mencionado plano se refleja una situación del tráfico en superficie en la confluencia de las calles Príncipe, Carral, Dr. Cadaval y Policarpo Sanz, que en cualquier caso debe estar subordinada a los Objetivos y Características de la Actuación.

Así las cosas, el proyecto de referencia no conculca ni los Objetivos, ni las Características de la Actuación A – 07, y por ende las del PEPRI del Casco Vello, en opinión del Técnico que informa».

Tampouco se albisca que prexuízo irreparable provocará aos peregrinos do Camiño de Santiago portugués o dispoñer, ao paso do Camiño pola rúa Elduayen e a Porta do Sol, dunha rúa peonil en vez dunha rúa con intenso tráfico rodado, tendo en conta, ademais, que a execución do túnel en ningún caso pechará as rúas ao tránsito peonil, contemplándose no proxecto as actuacións a seguir para garantir o tránsito peonil pola rúa en tanto se executan as obras.

O Olivo de Vigo, árbore senlleira catalogada como tal, non resulta afectado pola execución do túnel, nin directamente nin no seu entorno inmediato, ao situarse o inicio da boca do túnel a máis de trinta metros desta árbore.

Se invocan, por último, danos medioambientais, por canto non se ha evacuado o preceptivo informe de impacto ambiental das obras. A este respecto cómpre contestar que a obra non está suxeita a avaliación de impacto ambiental ao non estar incluída nos catálogos de actuacións suxeitas a avaliación normal ou simplificada contidos nos anexos da Lei 21/2013, de 9 de decembro, de avaliación ambiental e, polo que se refire á sentenza do Tribunal de Xustiza da Unión Europea, de 25 de xullo de 2008, o que se discutía nesta era se os tramos urbanos dunha vía rápida —expresamente citada na normativa entón de aplicación como necesitada de estudo de impacto ambiental— estaba ou non suxeitos a este estudio ao tratarse de tramos urbanos. A sentenza afirma que si, porque son as dimensións e características das obras a avaliar as que determinan a necesidade do estudo de impacto





## Concello de Vigo

ambiental con independencia da clasificación urbana ou rústica do solo. En termos parecidos se pronuncia a sentenza do Tribunal Supremo que igualmente citan. Porén as características da obra que nos ocupa, afectante a un pequeno tramo dunha rúa de centralidade urbana, e as características das incluídas nos catálogos dos anexos da Lei 21/2013, de 9 de decembro, de avaliación ambiental, deixan clara a non necesidade no caso de que tratamos da avaliación ambiental da obra.

**Quinta.-** Tampouco cabe apreciar aparencia do bo dereito nos fundamentos das pretensións anulatorias que se conteñen no escrito dos solicitantes.

A este respecto cómpre sinalar:

**1.** Por Orden HAP/2427/2015, de 13 de novembro, aprobáronse as bases e a primeira convocatoria para a selección de estratexias de Desenvolvemento Urbano Sustentable e Integrado (DUSI) que serán cofinanciadas mediante o programa operativo FEDER de crecemento sustentable 2014-2020, agora Programa Operativo Prurirexional de España (POPE).

O Concello de Vigo resultou seleccionado por Resolución da Secretaría de Estado de Orzamentos e Gastos, de 29 de setembro de 2016, para o desenvolvemento da Estratexia de Desenvolvemento Urbano Sustentable e Integrado, presentada por esta Administración municipal, denominada "Vigo Vertical".

O Regulamento (UE) 1303/2013, no seu artigo 9, establece 11 obxectivos temáticos a promover a fin de contribuír á estratexia da Unión para un crecemento intelixente, sustentable e integrador, así como ás misións específicas dos Fondos de conformidade aos seus obxectivos baseados no Tratado. Entre estes obxectivos temáticos (OT), o Eixo 12 relativo ao "Desenvolvemento Urbano Integrado e Sostible", céntrase en catro; OT2, OT4, OT6 e OT9.

O "Proxecto de soterramento do tráfico rodado da Porta do sol e humanización e transformación peonil da actual rede viaria" intégrase na devandita estratexia de desenvolvemento urbano, sustentable e integrado "Vigo Vertical" (EDUSI Vigo Vertical), seleccionada, segundo vai dito, pola Secretaría de Estado de Orzamentos e Gastos, como estratexia susceptible de ser financiada.

Dentro da EDUSI Vigo Vertical prevese a execución de diferentes operacións enmarcadas nos devanditos obxectivos temáticos. O proxecto de soterramento da Porta do Sol e humanización e transformación peonil da actual rede viaria, enmárcase, pola súa envergadura, dentro de dous obxectivos temáticos: o Obxectivo Temático 4 (OT 4) (Favorecer o paso a unha economía de baixo nivel de emisión de carbono en todos os sectores) e o Obxectivo Temático 6 (Conservar e protexer o medio ambiente e promover a eficiencia dos recursos).

Canto ao Obxectivo Temático 4, o proxecto de Porta do Sol, contempla actuacións de cara a reducir o gasto de enerxía mediante a implantación de dispositivos de aforro enerxético por redución de consumos directos e por optimización dos recursos empregados, así como outras medidas de mellora da xestión enerxética e de revitalización da mobilidade e

habitabilidade da área de intervención, co fin de reducir a contaminación ambiental e acústica da mesma.

Polo que atinxe ao Obxectivo Temático 6, o Programa Operativo Plurirexional de España (POPE) establece que "o patrimonio cultural e natural das cidades debe conservarse e poñerse en valor, en particular polo seu interese turístico" e insiste na necesidade de levar a cabo actuacións de cara á revitalización, mellora da contorna urbana e do seu medio ambiente.

O proxecto de Porta do Sol, de conformidade co devandito obxectivo, prevé a recuperación de espazos urbanos dando prioridade aos usos peonís e da bicicleta, facilitando así a mobilidade sostible. Aproveitando esta recuperación, prevese tamén a creación de rutas con fin de promover o patrimonio natural, cultural, histórico e artístico da cidade de Vigo, así como, potenciar o coñecemento da historia da cidade. Por outro lado, ponse en valor o patrimonio turístico de Vigo, promovéndose os seus activos turísticos culturais e rexenerando e creando novos activos. Todo isto acadarase mediante a creación dun eixo cultural que una os referentes culturais e turísticos da contorna creando un novo epicentro, espazo de expresión cultural e artística nunha zona que xa é un referente patrimonial e escaparate da oferta cultural da cidade.

Canto vai dito non se compadece coa pretendida contradición da actuación proxectada cos principios da política europea e estatal sobre os desenvolvementos urbanos sustentables que os solicitantes invocan.

**2.** A afección da obra á zona histórica de Vigo e aos edificios catalogados conta co informe favorable da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural e as afeccións arqueolóxicas da obra contan coas cautelas necesarias que se consignan na resolución de autorización da obra por parte da dita Dirección Xeral. Así consta na resolución de 20 de setembro de 2019 pola que a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, autoriza as obras coas cautelas arqueolóxicas que nela constan.

**3.** A nulidade de pleno dereito do acto aprobatorio do proxecto, ao abeiro do artigo 47.1. c) LPACAP, por ter un contido imposible, pois os planos do proxecto no reflicten a realidade construtiva das edificacións colindantes, algunhas das cales resultan afectadas en subsolo polo túnel proxectado, non é tal.

No informe do enxeñeiro municipal de camiños, canais e portos, de data 22 de outubro de 2019, emitido con ocasión do recurso especial en materia de contratación a que se fixo referencia na parte expositiva do presente informe, se nega tal afección nos termos que seguen:

#### «2) AFECTACIÓN DE ELEMENTOS PRIVATIVOS:


No motivo terceiro do citado recurso, faise referencia a que, supostamente, "os planos non reflicten a realidade construtiva das edificacións naquelas zonas nas que o túnel vai pegado ás mesmas". Para iso achéganse dous estudos topográficos



## Concello de Vigo

realizados por D. Ramón Rodríguez Ferreiros, Enxeñeiro Técnico Agrícola. O primeiro levantamento topográfico está referido ao edificio situado en Elduayen nº 36, con número de referencia PO.93.19\_1 e con firma de data 15 de outubro de 2019. O segundo, referido ao edificio situado en Rúa Alta nº 3, con número de referencia PO.93.19\_2 e con firma de data 15 de outubro de 2019.

Respecto ao primeiro documento, na súa páxina nº 3, inclúense unhas coordenadas ETRS dos vértices do soto -1 e soto -2 do edificio de Elduayen 36. Levadas a un plano, achegan unha localización completamente disparatada, xa que sitúan os sotos na zona media do Paseo de Alfonso.




### ***Imaxe 01: Situación dos sotos empregando as coordenadas incluídas no Informe Topográfico achegado***

Resolta evidente, que os sotos do edificio non poden situarse no Paseo de Alfonso a máis de 100 metros de distancia de onde realmente está o inmovible.

Supoñendo que se trata dun erro ao transcribir as coordenadas (circunstancia relevante nun informe de levantamento topográfico), e facendo referencia ao propio esquema explicativo que se inclúe no documento, realízase a superposición dos locais que invaden a vía pública tanto en soto -1 e en soto -2 , e obsérvase como, cos datos

achegados no recurso, non se produce ningunha interferencia entre a liña de micropilotes prevista baixo o vial nesa contorna e os locais situados baixo a vía pública.

Conclúese que o esbozo exemplificativo da suposta interferencia na contorna do n.º 36, sen ningún tipo de firma de técnico competente, presentado na páxina 12 do recurso, non se axusta á realidade, como se pode comprobar na imaxe 02, sendo completamente errónea a sección presentada ao respecto.




**Imaxen 02: Situación dos sotos de Elduayen nº36 empregando as coordenadas incluídas no Informe Topográfico achegado**

Faise referencia tamén a unha suposta invasión no local situado baixo a vía pública no edificio numero 3 da rúa Rúa Alta (Rúa Elduayen, n.º 14). Do mesmo xeito que se realizou anteriormente co edificio situado en Elduayen nº36, tomouse os datos achegados no Informe Topográfico achegado no recurso e superpúxose cos planos do proxecto.

Como se pode observar, o túnel non invade o local indicado:



Concello de Vigo




**Imaxen 03: Situación dos sotos de Elduayen nº14 empregando as coordenadas incluídas no Informe Topográfico achegado**

Conclúese tamén neste caso que o esbozo exemplificativo da suposta interferencia na contorna do n.º 14 de Elduayen, sen ningún tipo de firma de técnico competente, presentado na páxina 11 do recurso, non se axusta á realidade, como se pode comprobar na imaxe 03, sendo completamente errónea a sección presentada respecto diso.

En relación á suposta interferencia acreditada entre a obra e o edificio situado en Elduayen nº 20, débese informar que na fronte deste edificio non se realiza pantalla de micropilotes, tal como recóllese no Proxecto aprobado en XGL.

O esbozo exemplificativo da suposta interferencia na contorna do n.º 20, sen ningún tipo de firma de técnico competente, presentado na documentación anexa, non parte de ningún traballo técnico acreditado, nin de ningún valor contrastado, polo que non presenta ningún tipo de rigor e non se corresponde coa realidade.



***Imaxen 04: Vista de detalle do plano do Proxecto Trazado. Planta de detalle. Túnel número 02.02.02 folia 06 de 07, centrada no número 20 de Elduayen, onde se observa a inexistencia de pantalla de pilotes diante do edificio***

En resumo os esbozos e seccións achegadas están afastados da realidade, descoñécese a súa autoría xa que no informe topográfico non está incluída ningunha delas, resultando sorprendente que non estean realizadas por profesionais que dispoñan de coñecementos para debuxar planos e esquemas técnicos, sendo estes presentados sen ningún tipo de rigor e sendo completamente erróneos. Ademais a suposta lonxitude de afección recollida no recurso, que se xustificou neste informe que non é tal, cínguese a menos dun 2% da lonxitude total das contencións proxectadas no ámbito.

Por todo iso non se atopa a imposibilidade material para a execución das obras citada no recurso».

Tal e como vai arriba dito, con data 25 de outubro de 2019, os solicitantes, tendo advertido un erro de numeración nun dos documentos achegados coa súa solicitude, concretamente no informe de levantamento topográfico de georeferenciación do local sito na rúa Elduayen



## Concello de Vigo

36, de fecha 14 de outubro de 2019, procederon a subsanar o erro mediante a achega da nova documentación, pero tal nova documentación, tal e como figura no informe do enxeñeiro xefe de Vías e Obras e Infraestruturas, de 14 de novembro de 2019, en nada modifica a inexistencia de afeccións das edificacións da rúa Elduayen pola execución do túnel.

Daquela, nin é necesario ningún expediente de expropiación forzosa para a obtención de terreos afectados pola execución do túnel nos termos en que foi aprobada a súa execución, nin a cuestión da propiedade das superficies das edificacións colindantes, que se prolongan en subsolo por baixo da rúa Elduayen —e, por tanto a procedencia ou non da iniciación de expediente para a súa recuperación— é cuestión que afecte a este expediente

4. A nulidade de pleno dereito do acto aprobatorio do proxecto, ao abeiro do artigo 47.1.a) LPACAP, por lesionar dereitos e liberdades susceptibles de amparo constitucional —o dereito a integridade física e á inviolabilidade do domicilio— que se produciría en caso de derrumbe dos edificios colindantes, polo grave risco de tal derrumbe que —afirman— a execución da obra comporta, carece de consistencia: nin existe tal perigo, como argumenta o enxeñeiro municipal de camiños, canais e portos na transcripción do seu informe de 22 de outubro que figura *ut supra*; nin o acto impugnado lesiona en si mesmo ningún dereito fundamental.

— A nulidade de pleno dereito do acto aprobatorio do proxecto, ao abeiro do artigo 47.1. e) LPACAP, por terse ditado o acto prescindindo total e absolutamente do procedemento legalmente establecido carece de toda consistencia: no procedemento seguido para a aprobación da obra, que deu lugar ao expediente núm. 3517/443, constan informes da arqueóloga municipal de datas 27 de setembro e 24 de outubro de 2017, 29 de novembro de 2017, 20 de marzo de 2018, 4 de xuño de 2018 e 13 de marzo de 2019, sobre as cuestións de índole arqueolóxica afectantes á obra, e con posterioridade a aprobación do proxecto, informes de 20 de agosto e 17 de outubro de 2019, sobre o control arqueolóxico da execución da obra. Constan así mesmo resolucións da xefa do Servizo de Coordinación da Área Cultural da Xefatura Territorial de Cultura de Pontevedra da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, ditadas por delegación da directora xeral de Patrimonio Cultural, de datas 17 de novembro de 2017, sobre sondaxes arqueolóxicas, de 16 de maio de 2018, dando por rematadas as sondaxes arqueolóxicas, de 20 de setembro de 2019, autorizando o proxecto de soterramento do tráfico rodado na Porta do Sol e humanización peonil da actual rede viaria, coas condicións que se especifican na propia resolución e de 4 de marzo de 2019, de requirimento de achega de documentación arqueolóxica. Consta, obviamente, no expediente o proxecto construtivo aprobado, así como informes favorables ao proxecto desde o punto de vista urbanístico do xefe de Urbanización e Infraestruturas da Xerencia Municipal de Urbanismo, de 15 de xaneiro e 13 de febreiro de 2018; informe favorable ao proxecto do enxeñeiro xefe de Vías e Obras e Infraestruturas da Área de Fomento do Concello de Vigo, de 23 de maio de 2018; resolución do concelleiro delegado da Área de Fomento área, de 24 de maio de 2018, dispoñendo a iniciación das actuacións pertinentes para a aprobación do proxecto; informe favorable a aprobación do proxecto da Oficina Municipal de Supervisión de Proxectos, de 30 de abril de 2019, asinado por enxeñeira técnica industrial municipal, enxeñeiro de camiños, canais e portos municipal e o xefe da Oficina; informe proposta para a aprobación do proxecto, de 2 de maio de 2019; informe da Intervención Xeral Municipal de 2 de maio de 2019 e certificación do acordo da Xunta de Goberno Local, aprobatorio do proxecto de obras, que aquí se impugna.



Non pode sosterse, daquela, que o Concello de Vigo teña prescindido total e absolutamente do procedemento legalmente establecido para aprobar o proxecto, antes ao contrario o procedemento foi tramitado regularmente e obtivo as autorizacións sectoriais necesarias, que no caso de que tratamos cinguíanse ás da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural.

— A nulidade de pleno dereito do acto aprobatorio do proxecto, ao abeiro do artigo 47.1.f) LPACAP por ser o acto contrario ao ordenamento xurídico e carecer a Administración municipal dos requisitos esenciais para adquirir as facultades e dereitos que derivan do acto impugnado carece así mesmo de todo fundamento.

Parecen aducir os solicitantes a este respecto que a aprobación do proxecto requiriría con carácter esencial: (i) dun previo expediente de expropiación forzosa ou de recuperación de oficio das superficies en subsolo dos edificios da rúa, afectadas polo túnel; (ii) de informe ou memoria de sustentabilidade ou viabilidade económica ex artigo 22.4 TRLSRU, aprobado por RDL 7/2015, de 30 de outubro; (iii) dun planeamento urbanístico que ampare a obra proxectada; (iv) da autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia ao estar incluído o ámbito da actuación no Casco Vello de Vigo; (v) de informe previo sobre a afectación ao Camiño de Santiago (Camiño Portugués da Costa) e de traza alternativa a este durante a execución das obras; (vi) de autorización previa da dirección xeral de Conservación da Natureza en relación ao olivo situado no Paseo de Alfonso XII, declarado «árbore senlleira»; (vii) de informe previo de impacto ambiental do proxecto aprobado; (viii) de autorización da Xefatura Territorial de Pontevedra da Consellería de Industria autorizando a modificación das instalacións de distribución de enerxía eléctrica afectadas pola execución do proxecto.

Porén, o certo é, dunha parte, que na aplicación de esta causa de nulidade de pleno dereito non cabe confundir o que son requisitos esenciais co que son requisitos necesarios, pois doutro modo, e como sinala o Consello de Estado, se chegaría facilmente a unha desnaturalización das causas legais de invalidez e, doutra, que os requisitos que os solicitantes negan ao Concello de Vigo e consideran esenciais, nin son esenciais nin son, salvo o que de seguido se dirá, necesarios.

Así:

— A innecesariedade de expediente de expropiación forzosa ou de recuperación de oficio de bens demaniais quedou arriba perfectamente xustificada.

— O artigo 22.4 TRLSRU, aprobado por RDL 7/2015, de 30 de outubro refírese aos instrumentos de ordenación das actuacións de transformación urbanística; natureza da que participan as figuras de planeamento urbanístico. É a Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, a que, no seu artigo 7. 3, dispón que: «Las disposiciones legales y reglamentarias, en su fase de elaboración y aprobación, los actos administrativos, los contratos y los convenios de colaboración, así como cualquier otra actuación de los sujetos incluidos en el ámbito de aplicación de esta Ley que afecten a los gastos o ingresos públicos presentes o futuros, deberán valorar sus repercusiones y efectos, y supeditarse de forma estricta al cumplimiento de las exigencias de los principios de estabilidad presupuestaria y sostenibilidad financiera». É, daquela, no momento de aprobación do expediente de contratación e de autorización do gasto para a mesma cando se xustifica o cumprimento das esixencias da estabilidade orzamentaria e da estabilidade financeira da actuación e así consta no apartado 6 da memoria xustificativa do contrato, de





## Concello de Vigo

data 23 de maio de 2019, que figura no expediente de contratación da obra de que tratamos (expediente núm. 312/441), baixo o título: 6.- «FINANCIAMENTO DO CONTRATO E XUSTIFICACIÓN DO CUMPRIMENTO DOS PRINCIPIOS DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA E SUSTENTABILIDADE FINANCEIRA DO ARTIGO 7.3 DA LEI ORGÁNICA 2/2012 DE 27 DE ABRIL».

— Canto a inexistencia que se alega dun planeamento urbanístico que ampare a obra proxectada debe recordarse que a superficie afectada pola actuación conta con planeamento xeral aprobado —o actualmente vixente PXOU de 1993—, así como con planeamento especial: o PEPRI do Casco Vello, definitivamente aprobado o 12 de abril de 2007 e, nunha pequena superficie, o Plan Especial e Catálogo Complementario de Edificios, Conxuntos e Elementos a Conservar de Vigo, aprobado definitivamente o 25 de outubro de 1990; planeamentos estes aos que se axusta a actuación, sen que sexa necesario ningunha modificación destes para a execución do túnel que o proxecto impugnado contempla. Así o recoñece a sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de 1 de febreiro de 2007, ditada no RC-A núm. 4862/2003, cando di:

«El argumento fundamental de la recurrente es que en las vías públicas previstas en un PGOU es necesario, para dar mayor o menor ancho a un vial y reordenar sus intersecciones o para establecer pasos subterráneos, proceder a la modificación del planeamiento general por los trámites legalmente establecidos para ello, pues al hacer esas obras se están modificando determinaciones que son propias de ese planeamiento. Antes de entrar a examinar si, en términos generales, es correcto lo que la parte actora sostiene, hay que indicar que el proyecto litigioso ni amplía ni disminuye la anchura de las calles a las que afecta, y por ello tampoco las alineaciones, pues el espacio de dominio público destinado al viario entre las propiedades privadas, como pone de relieve el informe pericial emitido en el proceso, sigue siendo el mismo.

También las rasantes de las vías en las zonas de contacto con las superficies edificables siguen iguales. Lo único que hace el proyecto es crear un paso subterráneo bajo la Travesía de Vigo y la rotonda superior con la calle Aragón, así como una rotonda en la confluencia de la Travesía de Vigo y las calles Cantabria y Frians.

Hecha esta precisión, hay que decir que el criterio de la parte actora no puede ser compartido. La STS de 28-1-02 considera correcto que un planeamiento general deje para la fase de ejecución las características particulares de las rotondas de intersección de los viales que en los planos aparecen perfectamente diseñados, y la de 4-4-94 entiende que la supresión de un paso a nivel no supone ninguna modificación del plan general».

— A actuación conta con autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, obtida por resolución de 20 de setembro de 2019, que é a competente tamén en relación cos camiños de Santiago: non é certo que careza dela.

— A actuación non afecta á Olivo de Vigo nin directamente nin ao seu entorno inmediato, pois o inicio da boca do túnel sitúase a máis de trinta metros de distancia do Olivo.

— a innecesariedade de informe previo de impacto ambiental do proxecto aprobado quedou, tamén, xustificada máis arriba.

— A solicitude de autorizacións á Xefatura Territorial de Pontevedra da Consellería de Industria para a modificación das instalacións de distribución de enerxía eléctrica compete e a realiza a sociedade distribuidora da electricidade, que é a responsable da execución desta unidade de obra e a solicita cando o trazado das instalacións está completa e perfectamente definido, o que pode ter lugar en fase de execución da obra, sobre todo nunha obra en subsolo como é a que nos ocupa (RD 1048/2013, de 27 de decembro, polo que se establece a metodoloxía para o cálculo da retribución da actividade de distribución de enerxía eléctrica. Artigo 25. Criterios para a determinación dos pagos por dereitos de extensión.

**Sexta.-** Os solicitantes da declaración de nulidade, e subsidiariamente de anulabilidade, non xustifican, por tanto, ningún prexuízo de imposible ou difícil reparación que necesariamente se teña de derivar da execución do acto impugnado, nin tampouco a lesión aos intereses municipais que permita a declaración municipal de lesividade da execución do proxecto solicitada, nin, en fin, os fundamentos das súas pretensións teñen aparencia de bo dereito aos efectos de declarar a nulidade ou anulabilidade do acto, polo que procede rexeitar a suspensión solicitada da executividade do acto.

**Sétima.-** É competente para adoptar o acordo que se propón a Xunta de Goberno Local, como órgano autor do acto impugnado ao que, de acordo co artigo 127.1 k) LRBRL, corresponde a facultade de revisión de oficio dos seus propios actos.

Por todo o exposto propónse á xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

#### ACORDO

Rexeitar a suspensión da executividade do acordo da xunta de Goberno Local, de data 3 de maio de 2019, aprobatorio do proxecto de soterramento do tráfico rodado da Porta do Sol e a humanización e transformación peonil da actual rede viaria e do servizo de mantemento das instalacións, formulada por José Manuel Vázquez Lojo, en representación da Asociación Pola Defensa do Vigo Histórico e outros.

#### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás doce horas e vinte e cinco minutos. Como secretaria dou fé.

ME

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,  
Yolanda Aguiar Castro.

O ALCALDE

Abel Caballero Álvarez